



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

BASES REGULADORAS DO II CONCURSO DE CARTACES PARA CONMEMORAR O DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO- 25 DE NOVEMBRO

A Concellería de Igualdade do Concello de As Pontes convoca o I Concurso de Cartaces con motivo da Conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero 25N e fai públicas as bases que rexerán a súa convocatoria.

Primeira. Obxecto.

O obxecto da convocatoria é sensibilizar á cidadanía na loita contra a violencia de xénero, instándoa a que non miren cara outro lado, desenvolvendo actitudes comprometidas na loita contra a violencia machista.

A obra gañadora será a imaxe oficial do Día Internacional contra a violencia de xénero e dos actos organizados polo Concello de As Pontes con motivo do 25N.

Todas as obras presentadas formarán parte dunha exposición que se levará a cabo en dependencias municipais.

Segunda. Participantes.

Poderán participar os centros de educación secundaria da vila. Os traballos serán levados a cabo polo alumnado dos cursos que decidan participar.

Terceira. Tema e características técnicas.

No cartaz coa imaxe do 25N deberá figurar o seguinte texto, situándose na parte inferior do mesmo:

“25 novembro: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller”.

A composición do cartaz terá formato A3 vertical. Presentarase en galego. Na parte superior esquerda deixarase un espazo libre de 4cm, para incluír posteriormente o escudo do Concello de As Pontes.

O cartaz poderá ser executado mediante calquera técnica artística, sempre que sexa susceptible de reprodución por medios dixitais. Poderá contar cunha frase ou mensaxe contra a violencia de xénero. Non poderá ir firmado pola persoa autora e presentarase en formato papel.

Cuarta. Presentación das obras.

Os centros escolares de educación secundaria interesados en participar no concurso presentarán as súas propostas de maneira presencial no CIM do Concello de As Pontes, sito na Casa



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Doposo, rúa Rosalía de Castro, nº 28.

A data límite de presentación será o 18 de Novembro de 2022 ás 13:30 horas.

Co obxecto de salvagardar o anonimato das persoas participantes asignarase un número ou pseudónimo a cada obra.

Os traballos presentaranse nun sobre pechado, no que poderá constar o lema ou título recollido no punto terceiro. Asemade virán acompañados do pseudónimo da persoa ou persoas que elaboraron a obra e o nome do centro educativo ao que pertencen.

Quinta. Xurado

Para o fallo do concurso constituirase un xurado nomeado pola Concelleira de Igualdade e estará integrado por persoal do CIM e persoas expertas na materia(do ámbito da cultura e a arte).

Sexta. Criterios de valoración.

O xurado ao formular as súas propostas valorará as obras cun máximo de 30 puntos segundo os seguintes criterios:

- Orixinalidade dos traballos. Ata un máximo de 10 puntos.
- Capacidade de transmitir o significado do 25N e os seus valores. Ata un máximo de 10 puntos.
- Calidade artística dos traballos. Ata un máximo de 10 puntos.

Sétimo. Premios

O centro educativo gañador recibirá un premio consistente nun lote de libros con perspectiva de xénero e coeducación. Así mesmo o alumnado gañador recibirá un agasallo do Concello.

Todo o alumnado que participe no concurso recibirá obxectos promocionais da campaña.